

ESTREA EN NUMAX: 30.09.2016 | V.O.S.E. | +18

Elle (2016, 130')

**Dirección:** Paul Verhoeven

**Guión:** David Birke (Novela: Philippe Djian)

**Reparto:** Isabelle Huppert, Laurent Lafitte, Anne Consigny, Charles Berling, Virginie Efira, Lucas Prisor

**Montaxe:** Job ter Burg

**Vestuario:** Nathalie Raoul

**Son:** Gwennolé Le Borgne

**Música:** Anne Dudley

**Fotografía:** Stéphane Fontaine

**Produtora:** SBS Productions, France 2 Cinéma, Canal +, France Télévisions, Orange Cinéma Séries (Francia), Twenty Twenty Vision Filmproduktion GmbH (Alemaña), Entre Chien et Loup, Casa Kafka Pictures, Proximus (Bélxica)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés

## FILMOGRAFÍA

*El libro negro*, 2006

*Showgirls*, 1995

*Instinto básico*, 1992

*Desafío total*, 1990

*Robocop*, 1987

*El cuarto hombre*, 1983

*Delicias turcas*, 1973

## FESTIVALS

Cannes 2016 (estrea internacional)

## SINOPSE

Michèle é a directora dunha compañía de videoxogos. Está divorciada mantendo unha relación esporádica co mellor amigo do seu ex-marido, mentres que a moza do seu fillo está embarazada doutro home. A vida de Michèle muda para sempre cando é atacada na súa casa por un asaltante encapuchado, o que a levará a tentar descubrir a súa identidade, nun xogo que ameaza con saírse do seu control.

«Unha xenialidade. Verhoeven paséanos constantemente entre a intriga morbosa e o humor negrísimo. O que faría Haneke se tivese vis cómica.»

Nando Salvá. EL PERIÓDICO



«Un filme como ‘Elle’ non sería posíbel nos Estados Unidos»

**Entrevista a Paul Verhoeven**

Por Margaret Barton-Fumo

**Hai unha excitación xeral no aire polo rumor de que Verhoeven fixo outro thriller erótico.** A xente que pense tal vai ficar desilusionada. Vanse ter que enfrontar a un filme que é... pouco convencional. Non creo que se trate dun filme erótico, senón sobre unha violación. Facer diso un thriller erótico tería sido algo raro, non? Quero dicir, pode ser erótico para quen o comete, mais non penso que a violación en xeral sexa algo que se poida denominar erótico.

**A novela de partida, Oh...!, de Philippe Djian, é bastante provocativa. A información vaise administrando ao longo do texto para dar forma ao misterio.** Está parcialmente escrita como un thriller pois o violador leva unha máscara e a protagonista principal tarda en coñecer a súa identidade. Djian vai achegando a información pouco a pouco e tárdase bastante tempo en saber que é o que pasou exactamente, así que pode dicirse que está escrita na forma dun thriller. Mais por outra banda é unha historia na que teñen moita importancia as conexións sociais da protagonista. Aparece nunha web co seu pai, nai, fillo, fillastra, amante, ex-marido... e estas relacións non teñen nada a ver coa violación.

**Ao longo da túa carreira tes filmado varias escenas de violación e varias delas foron controvertidas, fundamentalmente polo consentimento ou non dos personaxes. A escena con Michael Douglas e Jeanne Trippelhorn en Instinto básico, por exemplo, ou a escena de Rutger Hauer e Jennifer Jason Leigh en Los señores de acero.** Ben, no caso de *Los señores de acero*

consentimento é falso. O personaxe de Jennifer Jason Leigh finxe gozar para que o de Rutger Hauer a protexa de que a viole a banda máis adiante. Ao finxir o goce ela toma a iniciativa e fai o que eu chamaría un acto de supervivencia. Mais ela non goza do acto, en ningún caso.

**Hai storyboard no filme?** Si, fíxeno eu propio. Amosei o storyboard ao asistente de dirección e ao director de fotografía para que tiveran unha idea completa do que estaba a facer desde a primeira escena até a última. Cada mañá dáballo os meus debuxos de maneira que cada escena do filme fose coreografiada.

**Houbo boa colaboración cos actores? Dirixiches moito os actores principais ou permitícheslles certo espazo para a improvisación?** Isabelle Huppert sabe ben o que facer. Ela é unha das máis brillantes actrices que vin na miña vida. É tan especial que é quen de evitar o cliché, sempre atopando un xeito diferente de facer as cousas. Ocorrrenselle unha chea de detalles extra que eu non podería nin imaxinar. Non é só unha grande actriz senón tamén alguén especialmente imaxinativa e creativa na súa aproximación ao personaxe. Non lle tiven que dicir nada sobre Michelle porque estaba claro desde a primeira toma que ela sabía exactamente o que o seu personaxe ía facer e como tiña que se comportar en cada circunstancia. Huppert é extremadamente audaz e non tivo ningún problema coa que había no guión, co que teño un enorme respecto cara a ela.

**Os diálogos son moi importantes no filme.** Moito máis ca en *Instinto básico* e desde logo máis que nos filmes de ciencia ficción que teño feito onde os diálogos escribíanse a correr e adoitaban ser moi rudimentarios.

**Deixaches Europa para atinxir proxectos máis grandes nos Estados Unidos e agora estás de volta.** Coido que un filme como *Elle* non sería posíbel nos Estados Unidos. Ao facerme vello estoume interesando máis por proxectos que transgreden as normas. Fixen demasiados filmes de ciencia ficción e de acción nos Estados Unidos e agora busco cousas que non teña feito antes, que é desde logo o caso de *Elle*.

Publicado en [www.filmcomment.com/](http://www.filmcomment.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

**NA LIBRARÍA NUMAX**

**Paul Verhoeven, Jordi Revert.**

Cátedra, 2016

**Oh..., Philippe Djian.** Gallimard, 2012

**Isabelle Huppert: la femme aux portraits.**

Seuil, 2005

**Starship Troopers, Paul Verhoeven.**

Divisa [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

**NUMAX**

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME